

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2022

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de xaneiro de 2022

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 18 de xaneiro de 2022 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros hoxe presentes que asistiron todos eles á dita sesión (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Igualdade, Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461A). (Diario Oficial de Galicia número 12, do 19 de xaneiro de 2022).
- Orde do 28 de decembro de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR460A). (Diario Oficial de Galicia número 15, do 24 de xaneiro de 2022).
- Resolución do 29 de decembro de 2021, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a concesión



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

directa, mediante resolución das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701E). (Diario Oficial de Galicia número 16, do 25 de xaneiro de 2022).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados da relación das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 14 ao día 20 de xaneiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 54/2022 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 83/2022, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
54/2022	14-01-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de xaneiro de 2022
55/2022	14-01-2022	Reposición legalidade urbanística pola existencia dunha caseta prefabricada metálica en Seoane (Anceis). Propiedade: M.F.T.G.
56/2022	14-01-2022	Aprobación da liquidación do IVE do cuarto trimestre de 2021 e o seu pagamento
57/2022	14-01-2022	Admisión de solicitudes no programa de actividades "Xogando no Nadal 2021"
58/2022	14-01-2022	Reposición legalidade urbanística pola construción dun cerramento lindeiro entre parcelas, así como colocación de dous portais de acceso ao interior de parcela, un cerramento vexetal na cara interior dun parcial do peche perimetral que linda co camiño público municipal 1C.1.0366, na parcela sita en Pardas (San Lourenzo). Propiedade: F.C.Y. e M.L.F.L.
59/2022	14-01-2022	Expediente de reposición da legalidade urbanística por realización de obras en predio sito na Rocha, Anceis polígono 96, parcela 14 consistentes na construción dun peche sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: J.F.R.L.
60/2022	14-01-2022	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de decembro de 2021 e de profesionais e alugueiros do cuarto trimestre de 2021 e o seu pagamento.
61/2022	14-01-2022	Reposición legalidade urbanística por construción de peche e existencia de animais en predio lindeiro – Lugar As Gamelas (Anceis). Propiedade: J.F.C. e S.F.K.
62/2022	14-01-2022	Reposición legalidade urbanística pola existencia de actos consistentes en: zona A.- ampliación construción auxiliar existente, unha caseta prefabricada metálica e acopio de materiais diversos; Zona B: existencia de diversos alpendres e unha zona delimitada con malla, con galiñas no seu interior; Zona C: existencia de alpendres e acopio de materiais diversos; Construción dunha piscina – Lugar Sarnoso (Brexo)
63/2022	14-01-2022	Concesión a Construcciones y Viales Zargo, SL, de licenza municipal para ocupación de 126 m ² de vía pública cun valado de obra na rúa Abeleira, esquina coa rúa Martín Códax, O Temple, durante 5 meses
64/2022	17-01-2022	Autorización de renovación do certificado electrónico de representante da tesoureira municipal
65/2022	17-01-2022	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Permanentes do día 20 de xaneiro de 2022
66/2022	17-01-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a L.D.R.J. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
67/2022	17-01-2022	Concesión axuda emerxencia social a E.J.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
68/2022	17-01-2022	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de outubro de 2021
69/2022	17-01-2022	Aprobación da conta xustificativa para a reposición de fondos de anticipos de caixa fixa núm. 1/2021, polo período comprendido do 29/12/2020 ao 29/03/2021.
70/2022	18-01-2022	Contrato protectores E.Infantil Galiña Azul.
71/2022	18-01-2022	Expediente sancionador por ladridos de can en vivenda sita en Curros Enríquez (O Temple). Responsable: M.L.B.
72/2022	18-01-2022	Expediente sancionador ao café bar sito en Paseo Marítimo (O Temple) polo exercicio de actividade coa porta aberta. Propiedade: CORD3.
73/2022	18-01-2022	Concesión a Avatel & Wikiker Telecom, SL, de licenza municipal para executar dúas calas na canalización de telecomunicacións existente nas rúas Tapia e Celso Emilio Ferreiro (O Temple)
74/2022	18-01-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a W.A.M.A. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
75/2022	18-01-2022	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación a R.B.M.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
76/2022	19-01-2022	Solicitude de subvención para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero
77/2022	20-01-2022	Adhesión do Concello de Cambre ao convenio entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) en materia de subministración de información de carácter tributario ás entidades locais
78/2022	20-01-2022	Comunicación de canle procedimental axeitado para queixa sobre situación de insalubridade en domicilio
79/2022	20-01-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a S.R.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
80/2022	20-01-2022	Resolución aboamento produtividade cuarto trimestre 2021
81/2022	20-01-2022	Expediente sancionador por ruído en Estorrentada (Cambre), proveniente dunha festa con música. Responsable: J.C.C.
82/2022	20-01-2022	Resolución concesión anticipo de dúas mensualidades a funcionario de carreira
83/2022	20-01-2022	Concesión a Vectura Development Spain, S.L.U. de licenza de edificación para nave loxística con oficinas e depósito de vehículos en superficie e para obras de urbanización en parcelas situadas nas rúas Marconi, Isaac Peral e Nobel do Polígono do Espírito Santo (Cecebre)

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa "Sanal Control Medioambiental, S.A.", adxudataria do "Servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de

Cambre". Expediente núm. 2009/100-39 SERV.

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." no Lote 2, do contrato mixto de servizos e subministración da "Montaxe do evento Open Science Cambre", do programa 'Todos deben involucrarse' a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023. Expediente núm. 2021/C005/000007
- Proposta de adxudicación do contrato menor para o servizo de "Mellora da sinalización horizontal en Cambre, A Barcala e O Temple", ao licitador "Galaica Viaria, S.L.N.E.", no prezo ofertado de 7.971,00 euros sen IVE (9.644,91 euros IVE incluído). Expediente núm. 2021/C002/000160
- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa "Jardinería Arce, S.L.", adxudicataria da obra "Instalación de céspede artificial e rego no campo de fútbol municipal 'Os Pinares'. Brexo-Lema", financiado polo Plan de acción social (PAS) 2015. Expediente núm. 2016/C003/000007

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión.

A) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa "Sanal Control Medioambiental, S.A.", adxudicataria do "Servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de Cambre". Expediente núm. 2009/100-39 SERV.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 21 de xaneiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que, o contrato foi adxudicado provisionalmente mediante resolución da concelleira delegada da área de Cultura e Contratación núm. 1001/2010 de data 13.05.2010, no prezo ofertado de 17.500,00 euros anuais (IVE incluído), sendo adxudicado definitivamente en resolución da concelleira delegada da área de Cultura e Contratación núm. 1155/2010, de data 07.06.2010., para servizo de "Servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de Cambre". Expediente 2009/100-39 SERV.

O contrato formalízase con data 09.06.2010, cun prazo de execución de 2 anos desde a súa sinatura, prorrogable por outros dous máis, logo do acordo do órgano de contratación. Este foi prorrogado por resolución do concelleiro delegado da área de Réxime interior, Patrimonio e Contratación núm. 927/2012, do día 21.06.2012, ata o 09.06.2014.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval depositado na Tesourería municipal con data 04.06.2010 por importe de 3.017,24 euros con núm. de rexistro 460, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 01 de outubro de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 20 de xaneiro de 2022.

A teor do establecido nos arts. 90 do Lei 30/2007 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e da Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Sanal Control Medioambiental, S.A.*” con CIF A15030414 e enderezo no Polígono Industrial Alvedro (cl c. par 23), Culleredo, (A Coruña), no expediente número 2009/100-39 SERV, para o “Servizo de desratización, desinfección e desinsectación no termo municipal de Cambre”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.” no Lote 2, do contrato mixto de servizos e subministración da “Montaxe do evento Open Science Cambre”, do programa ‘Todos deben involucrarse’ a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023. Expediente núm. 2021/C005/00007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de xaneiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que a Xunta de Goberno Local, con data do 9 setembro de 2021 adoptou, entre outros acordos:

“Oitavo: De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 3 de setembro de 2021, excluír a “Instalacións Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)” do procedemento de adjudicación do lote nº 2 (Instalación eléctrica temporal), ao considerar que dita empresa retirou a súa oferta, iso tendo en conta que non cumpriu co requirimento de documentación efectuado mediante comunicación electrónica, enviada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03/08/2021, ás 11:43 horas, ao non presentar ningunha documentación acreditativa da solvencia técnica esixida na cláusula 10.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), tal e como consta no

informe emitido polo Coordinador de Actividades Culturais e Educativas o día 2 de setembro de 2021, nin ningunha documentación relativa ao Imposto de Actividades Económicas, esixida na cláusula 17.1.9 do PCAP, o que se considera un incumprimento absoluto na acreditación de ambos requisitos, para o cal non procede prazo de corrección. Por tanto, resulta de aplicación o establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na cláusula 17.1 do PCAP segundo a cal: "(...) De non cumprirse adecuadamente o requirimento de documentación prevista nesta cláusula no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta (...)".

Noveno: *De conformidade co acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 3 de setembro de 2021, declarar deserto o lote nº 2 (Instalación eléctrica temporal) do Contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento "Open Science Cambre" do Programa TDI ("Todos deben involucrarse") a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023, expediente: 2021/ C005/000007, ao quedar excluída da licitación a única entidade ofertante a este lote, iso de conformidade co establecido no art. 150.3 in fine da Lei 9/2017 de contratos do sector público".*

Visto que no expediente consta xustificante de depósito de garantía definitiva na Tesourería municipal para o LOTE 2 - Instalación eléctrica temporal, con data 09 de agosto de 2021, expedido a nome da entidade que resultaba inicialmente adxudicataria, segundo acordo adoptado na mesa de contratación celebrada con data de 2 de agosto de 2021, "Instalacións Eléctricas Coruñesas, S.L.(INSTELEC)", por importe de 667,36 euros con data 05/08/2021 e número de rexistro 1016.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 14/01/2022 e mailo informe emitido polo interventor municipal co número NUM 21/2022e data do 23/01/2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de importe de 667,36 euros á entidade "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." no Lote 2, do contrato mixto de servizos e subministración da "Montaxe do evento Open Science Cambre", do programa 'Todos deben involucrarse' a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023"

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso

que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adxudicación do contrato menor para o servizo de “Mellora da sinalización horizontal en Cambre, A Barcala e O Temple”, ao licitador “Galaica Viaria, S.L.N.E.”, no prezo ofertado de 7.971,00 euros sen IVE (9.644,91 euros IVE incluído). Expediente núm. 2021/C002/000160

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de xaneiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 17/17/2021 asínase pola enxeñeira técnica municipal de obras públicas, pola concelleira delegada da área de Seguridade Cidadá e Servizos e pola concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o informe técnico de necesidade que a continuación se indica:

“ ...

3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINS INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (competencia Municipal); IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDE: (enumerar os motivos e finalidade que levan ao concello a executar as obras dentro das competencias que ten atribuídas, tendo en conta que a relación da necesidade co obxecto do contrato deberá ser directa, clara e proporcional segundo os apartados seguintes).

3.1.- Xustificación da necesidade do contrato

Inciase o presente expediente denominado "MEJORA DE LA SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL EN CAMBRE, BARCALA Y TEMPLE" motivado pola recepción de dous informes policiais no que se advirte sobre a situación actual das paradas de bus, dos pasos de peóns e prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida, que fai constar o estado dos mesmos en canto a sinalización horizontal e no que advirte da necesidade urxente da actuación.

Se ha procedido a dar traslado del informe a la Diputación Provincial y a la Xunta de Galicia titular de varias carreteras afectadas.

O día 19 de abril de 2021 se delega a contratación la documentación necesaria para la contratación del expediente 2021/C004/000011 "SERVICIO DE MANTENIMIENTO, CONSERVACIÓN Y REPARACIÓN DE LOS FIRMES, PAVIMENTOS DE CALZADA, PAVIMENTOS DE ACERAS Y LAS ÁREAS PEATONALES DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBRE 2021-2023. En este expediente está incluido el mantenimiento de las señalización horizontal de las vías municipales, sin que a fecha de hoy se haya iniciado la contratación.

En base a lo anteriormente expuesto se propone la contratación del presente contrato menor de servicio de reseñalización horizontal.

3.2.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades a cubrir:

Repintado de paradas de bus, carga e descarga, pasos de peóns, cedas o paso, isletas e prazas de minusválidos. Na memoria valorada e informes da policía se identifican as actuacións concretas.

3.3.-Xustificación da idoneidade do seu obxecto e contido:

Considerase fundamental a execución desta actuación xa que existen numerosos pasos de peóns nun estado non adecuado que poden chegar a causar incidentes.

Informe de necesidade que se emite a teor do establecido no artigo 118.1, parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

4. XUSTIFICACIÓN DE QUE A CONTRATACIÓN PRETENDIDA NON SUPÓN UN FRACCIONAMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO PARA EVITAR A APLICACIÓN DAS NORMAS XERAIS DA CONTRATACIÓN:

A contratación pretendida non supón fraccionamiento algún, xa que a execución da menorá é unha prestación diferenciada, con autonomía propia.

O que se fai constar a teor do establecido no artigo 118.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Base vixésimo quinta do orzamento.

Visto que o concello non dispón dos medios técnicos e humanos necesarios para realizar o traballo, considérase necesario a contratación dunha empresa externa para a súa realización, considerando que a actuación que se pretende contratar é adecuada para o fin perseguido.

Vista a MEMORIA VALORADA / PROXECTO DE OBRAS:

Denominación	"MEJORA SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL EN CAMBRE, BARCALA Y TEMPLE"
Técnico redactor/a	Elena Bartolomé Delanoë
Data de elaboración	novembro de 2021
Código CPV	CPV 2008 45233221-4

Descrición CPV		Trabajos de pintura de superficie de calzada	
Prazo de execución		4 semanas	
Orzamento base de licitación	Orzamento (IVE excluído)		9.603,28 €
	Tipo impositivo	21 %	2.016,69 €
	Orzamento total (IVE incluído)		11.619,97 €"

...".

Con data 17/01/2022 emítense documento de "Retención de crédito" pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 1532.62500 (Mobiliario pavimentación de vías).

Con data 17/01/2022 emítense informe pola enxeñeira técnica municipal de obras públicas no que consta que:

"Primeiro: No expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

LUFISA SERVICIOS S.L	B15986029
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L	B15293145
GALAICA VIARIA S.L.N.E	B-70394341

Segundo: Presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
GALAICA VIARIA S.L.N.E.	7.971,00€	9.644,91€
LUFISA SERVICIOS S.L.	8.931,05€	10.806,57€
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	Non presenta oferta	

Terceiro: Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de "Mellora da sinalización horizontal en Cambre, A Barcala e O Temple", á empresa "Galaica Viaria, S.L.N.E.", con NIF B 70394341 e domicilio na rúa Fajardo, 32 4º, 15404, Ferrol, no prezo ofertado de 7.971,00€ sen IVE, 9.644,91€ IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Faise constar que a empresa presentou a seguinte documentación que ten sido anexada ao expediente de contrato menor:

- Oferta económica conforme ao modelo del anexo VI
- Declaración responsable conforme ao modelo del anexo VII
- Documentación requirida con data 30 de novembro de 2021".

Constan certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social tanto na data de presentación de oferta (22/11/2021) como na data actual, así como informe emitido pola tesoureira municipal do que se deriva que a empresa adxudicataria non ten débedas pendentes co Concello de Cambre nin na data actual nin na data de presentación de oferta (22/12/2021).

Igualmente consta a escritura número de protocolo 1967 do notario don Manuel Aceituno Pérez, do 30 de setembro de 2016 da que se deriva como obxecto social da empresa "Galaica Viaria, S.L.N.E." a "construción de estradas e autoestradas" e como administrador único don Juan-Ramón Carro Sequeiro.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental de data 17 xaneiro de 2022, e mailo informe de fiscalización nº 20/2022 – Reparos 8R, emitido polo interventor da Corporación con data do 23 de xaneiro de 2022.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do concello en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, contempladas no artigo 25.2. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado "Informe técnico de necesidade" así como o orzamento e medicións elaborado pola enxeñeira técnica municipal de obras públicas, cun importe de licitación de 9.603,28 € sen IVE, 11.619,97 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.62500 (Mobiliario pavimentación de vías).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000160, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente ao "servizo de **"Mellora sinalización horizontal en Cambre, Barcala e Temple"**, á empresa "Galaica Viaria, S.L.N.E.", con NIF B 70394341, no prezo ofertado de 7.971,00€ sen IVE, 9.644,91€ IVE incluído, por presentar a oferta máis vantaxosa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designase como responsable do contrato á enxeñeira técnica municipal dona Elena Bartolomé Delanöe, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa “Jardinería Arce, S.L.”, adxudicataria da obra “Instalación de céspede artificial e rego no campo de fútbol municipal ‘Os Pinares’. Brexo-Lema”, financiado polo Plan de acción social (PAS) 2015. Expediente núm. 2016/C003/000007

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 24 de xaneiro de 2022 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 28 de setembro de 2016, asinou o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade “Jardinería Arce, S.L.” para a obra “Instalación de céspede artificial e rego no campo de fútbol municipal ‘Os Pinares’. Brexo-Lema”- financiado polo Plan de acción social (PAS) 2015”. Expediente 2016/C003/000007.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval depositado na tesourería municipal con data 15/09/2016 por importe de 14.150,00 euros con núm. de rexistro 684. para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fíxese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo arquitecto municipal, con data do 18 de outubro de 2019.

Visto o informe de fiscalización número NUM 19/2022 - REPARO 7 R emitido pola Intervención Municipal con data do 23 de xaneiro de 2022.



A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e da Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola empresa “*Jardinería Arce, S.L.*” adxudicataria da obra “Instalación de céspede artificial e rego no campo de fútbol municipal ‘Os Pinares’. Brexo-Lema”- financiado polo Plan de Acción Social (PAS) 2015”.Expediente 2016/C003/000007.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental
Verónica María Otero López